

Terra de autómatas.

Non se escoitaban os cantos dos paxaros. As patas do último grilo deixaron de frotarse, e a música dos insectos cesou para sempre. A plantación enmudeceu. O vento quixo romper a cerimonia fúnebre facendo vibrar tímidamente as follas do maíz, pero pronto o esforzo rematou nun silencio mortal que caeu sobre toda a superficie do cultivo. Algo estraño fixo que o autómata parase o seu voo. Flotou sobre as innumerables plantas de maíz, inseguro. Do corpo metálico emerxeu unha antena. Nada. Non captou nin cantos, nin ruídos nin nada que poidese terse en consideración. O autómata activou o protocolo de autorrecoñecemento. Os seus componentes funcionaban perfectamente. Podería ser que o propio sistema de diagnose estivese averiado?. Non sabía, e necesitaba saber. O estado de non-sons era unha anormalidade. Lanzou cara os satélites o sinal de emerxencia, mais ningún outro robot apareceu para resolver o misterio. A máquina activou o protocolo de emerxencia, deixando de lado as función polinizadoras. Cruzou con determinación a atmosfera viaxando cara a estación orbital. Nada. Non quedaba máis que ferralla flotando absurdamente. A máquina adxudicou un setenta e catro por cento de probabilidades ao impacto dun meteoro contra a estación. Baixou de novo ao planeta e sobrevoou a inmensa alfombra mundial de maíz que cubría a superficie terrestre. Nos océanos non había peixes. Nas cidades non había homes. Polo chan andaban tirados os corpos metálicos dos autómatas que coidaban das parcelas. O módulo central de toma de decisións do androide non soubo que decisión tomar. Accedeu ao seu contido identificador básico. <<Androide polinizador de clase 4.32-X. Asignación: Parcela 32.023.764>>. A información era insuficiente. Necesitaba navegar polos datos históricos do seu

terreo de traballo. Podería ser que o episodio de non-sons fora recollido por antigos androides asignados ao lugar. Datos non atopados. Quizais o nome da parcela mudou por alguna razón. Sí. Antes do maíz había unha cidade chamada Lucus. En Lucus había mais cousas á parte de maíz. O rexistro mostraba moitos nomes. Antes de tomar a denominación numérica chamárase Monsanto – Lugo, no século XXII. A máquina pousouse no chan. Non sabía que facer. Pasaron os días, os meses e os anos. O maíz morreu e a terra quedou baleira de vida. O androide certificou que os seus compoñentes comezaban a degradarse. Non tiña resolto o misterio. Non podía deixar o mundo sen saber. Elevouse cara o ceo e chegou á Lua. Alí quedou facendo cálculos e hipóteses ata que deu coa solución. O tempo. Co tempo o maíz aparecería de novo. Preparouse para hibernar durante douscentos cincuenta millóns de anos. Así o fixo. Cando volveu á Terra a súa confusión non fixo máis que medrar. Todo o chan estaba cuberto de seres verdes que non lograba identificar. Maíz non era. Centos de sons enchían o mundo, pero a máquina non coñecía ningún. Non podía polinizar, e non tiña moito por facer, así que aterrou, abriu o seu reproductor e comezou a emitir o último son que escoitara cando traballaba na parcela 32.023.764. Millóns de anos despois, o canto dun grilo soou na terra de novo.